

Memoria 2025

Infancia, xuventude e o dereito a ter un futuro

igaxes

25 anos impulsando cambios



Carlos Rosón
Director de IGAXES

Acompañar hoxe

O traballo no social fala moitas veces de dificultades, de contextos complexos e de situacións que non sempre son fáciles de transformar. Pero, sobre todo, fala de persoas.

De mozas e mozos que teñen que aprender demasiado cedo a sosterse sós. De familias que atravesan momentos nos que o día a día deixa pouco espazo para pensar no futuro. De nenas e nenos que expresan o malestar na escola porque aínda non saben poñelo en palabras.

Nos últimos anos, moitas destas dificultades fixéronse máis intensas. O acceso á vivenda empeorou, a precariedade segue condicionando os proxectos de vida e os problemas de saúde mental medran entre a infancia e a mocidade. Hai unha sensación cada vez máis estendida de incerteza, especialmente entre quen conta con menos apoio e menos oportunidades de partida.
En IGAXES levamos 25 anos acompañando estes procesos. E se algo aprendemos neste tempo é que os cambios importantes raramente son rápidos. Necesitan estabilidade, presenza e vínculos sostidos no tempo. Necesitan profesionais capaces de escoitar, adaptarse e permanecer mesmo cando non hai respostas inmediatas.

Pero tamén aprendemos outra cousa: ningunha intervención funciona illada. As dificultades que afectan á infancia e á mocidade teñen moito que ver coas condicións nas que vivimos como sociedade. Co acceso á vivenda, coa desigualdade, coa soidade, coa falta de oportunidades ou coa presión constante por construír unha vida estable nun contexto cada vez máis esixente.
Esta memoria non pretende só recoller datos ou resumir actividades. Pretende explicar unha realidade complexa e compartir o que vemos cada día acompañando vidas concretas. Porque detrás de cada cifra hai persoas intentando abrirse camiño en situacións moi distintas.

En 2026 IGAXES cumpre 25 anos. Seguimos convencidas e convencidos de algo esencial: cando existen apoio, oportunidades e alguén que permanece ao lado, o cambio segue sendo posible.


Hai persoas
que chegan
á vida adulta
demasiado
cedo.

Desigualdades persistentes nun escenario máis esixente

Hai persoas que chegan á vida adulta demasiado cedo.

Para algunhas nenas e nenos a maioria de idade chega moito antes dos 18. Levan tempo asumindo situacións para as que case ninguén está preparado: inestabilidade económica, ausencia de referentes adultos, dificultades de saúde mental ou redes de apoio moi fráxiles.



A precariedade xa non é unha situación puntual, para moitas persoas é estrutural.

Pero estas dificultades non afectan a todo o mundo igual. As persoas que medran en situacións de vulnerabilidade afrontan esta etapa con menos recursos e menos redes de apoio para reaccionar cando algo falla. Nalgúns casos, a vida adulta chega sen rede familiar, sen estabilidade residencial e sen un lugar seguro ao que volver.

A experiencia da intervención social leva anos amosando unha realidade incómoda: A pobreza é hereditaria. A precariedade residencial, a exclusión social, o fracaso escolar, non son situacións illadas. Relaciónanse entre si e acumúlanse. A dificultade para manter unha vivenda afecta á continuidade educativa. A inestabilidade emocional impacta no emprego. A ausencia de vínculos reduce oportunidades e aumenta a sensación de soidade.

Neste contexto, acompañar significa moito máis que resolver necesidades inmediatas. Significa crear condicións para que alguén poida construír estabilidade. Significa ofrecer tempo, apoio e continuidade nun escenario onde cada vez máis persoas senten que todo depende exclusivamente delas mesmas.

Zenebou

"No futuro gustaríame adicarme á sanidade"




Ningunha
vida colle nun
só recurso

Entender a complexidade para dar respostas

Detrás dun fracaso escolar pode haber ansiedade, inestabilidade na vivenda ou conflitos familiares.
Detrás da dificultade para manter un emprego pode haber soidade, falta de apoio emocional ou unha saúde mental deteriorada.
En IGAXES traballamos desde a idea de que os itinerarios teñen que adaptarse ás persoas, e non ao revés.
A intervención educativa, o apoio emocional, a orientación laboral ou o acompañamento residencial forman parte dun mesmo proceso vital.
Ningunha persoa pode reconstruír a súa vida desde unha única dimensión. Por iso debemos coordinar miradas, tempos e recursos capaces de sosterse no tempo.



1538 persoas atendidas en 2025

Infancia, adolescencia, mocidade e familias acompañadas en diferentes momentos do seu proceso vital.

156 intervencións en centros educativos

A escola continúa sendo un dos principais espazos de detección temperá da desigualdade e do malestar emocional.

Máis alá da resposta inmediata

Nun contexto cada vez máis marcado pola urxencia, a intervención social corre ás veces o risco de centrarse unicamente na resposta inmediata. Resolver situacións puntuais é necesario, pero moitas veces non é suficiente para soster cambios reais no tempo.

A experiencia diaria móstranos que os procesos máis importantes adoitan ser lentos e pouco visibles ao principio. Por iso en IGAXES apostamos por unha intervención baseada na prevención, na continuidade, na presenza e na construción de vínculos sostidos. Isto implica acompañar procesos durante períodos longos, adaptarse aos ritmos de cada persoa e entender que non todos os cambios son inmediatos nin lineais.



Ao longo destes anos aprendemos tamén que os números moi elevados non sempre significan maior impacto. Ás veces, a lóxica da atención rápida e masiva pode acabar xerando intervencións superficiais ou asistencialistas, nas que resulta dificil construír procesos reais de autonomía.

Non todo o que funciona se pode medir en grandes cifras, nin todo o que aparece en indicadores elevados implica necesariamente transformación profunda. Ás veces, cambios pequenos e case invisibles sosteñen verdadeiras transformacións vitais.

Nun momento no que a intervención social enfróntase cada vez máis á lóxica da urxencia, defender procesos longos e sostidos segue sendo tamén unha maneira de defender a dignidade das persoas.

100 persoas traballando en atención directa

Equipos educativos, psicolóxicos e sociais sostendo procesos de acompañamento continuado en distintos ámbitos de intervención.


Hugo
“Gústame xogar ás cartas coa miña nai”
Fai dous anos cambiei de cole
No cole novo tampouco me va moi ben
IGAXES traballou coa miña nai, conmigo, e co meu colexio
Agora estou máis contento



O dereito a medrar con seguridade

O malestar aparece cada vez máis cedo

Crecer nunca foi fácil. Pero moitas das persoas que traballan con infancia e adolescencia coinciden nunha sensación compartida: algo cambiou nos últimos anos.

A ansiedade, a dificultade para relacionarse, os problemas de autoestima ou a sensación de soidade aparecen cada vez máis cedo e en contextos moi distintos. Os centros educativos detectan situacións de malestar emocional que xa non poden entenderse como casos illados, senón como parte dunha realidade máis ampla que atravesa á infancia e á mocidade.

A través de Escola de Vida, IGAXES desenvolve espazos grupais de acompañamento, educación emocional e prevención orientados a fortalecer habilidades persoais, vínculos e ferramentas para afrontar situacións complexas no día a día.





793 nenas, nenos e adolescentes participaron en intervencións de Escola de Vida

Espazo orientado á prevención, ao benestar emocional e ao fortalecemento de habilidades persoais e sociais.

29 centros educativos recibiron o apoio de equipos socioeducativos

A escola continúa sendo un dos principais espazos para detectar situacións de malestar e actuar de maneira temperá.



58 nenas, nenos e adolescentes participaron en sesións de terapia

Espazo orientado á prevención, ao benestar emocional e ao fortalecemento de habilidades persoais e sociais.

522 nenas, nenos e adolescentes formados na non violencia

Prevención temperá da violencia a través da comprensión das súas dinámicas e funcionamento.


Identificar é prevención


Non sempre é fácil identificar o malestar emocional na infancia e na adolescencia. Moitas veces, detrás do que parece un problema de comportamento hai situacións de sufrimento que non atopan espazos seguros para expresarse.

Nos últimos anos aumentou a vulnerabilidade emocional entre adolescentes e persoas novas, influída por factores como a presión académica, as redes sociais, a incerteza sobre o futuro ou a precariedade.

Falar de saúde mental implica crear espazos de confianza, fortalecer vínculos e acompañar antes de que as dificultades se agraven. Ao longo de 2025, IGAXES desenvolveu un Programa de Prevención da Violencia Interpersoal, co apoio da Fundación Trébol e a Universidade de Oporto. O PREVINT preséntase como unha resposta innovadora e baseada en evidencia, orientada á prevención temperá da violencia a través da comprensión das súas dinámicas de funcionamento.

CAPACIDADE DAS MOZAS E MOZOS PARA IDENTIFICAR VIOLENCIA ANTES E DESPOIS DO PREVINT





O centro educativo como espazo de prevención e igualdade

Os centros educativos son espazos clave para detectar dificultades que ás veces permanecen invisibles noutros ámbitos. O absentismo, os conflitos, a desmotivación ou a baixada do rendemento académico adoitan estar relacionados con situacións de malestar emocional, precariedade, dificultades familiares ou exclusión social.

Os datos seguen mostrando que o fracaso escolar afecta especialmente á infancia e mocidade en situación de vulnerabilidade. A contorna escolar é un lugar perfecto e non estigmatizante para desenvolver intervencións preventivas, acompañando os procesos sen separar ás persoas do seu contexto cotiá.

Ao longo de 2025, IGAXES continuou desenvolvendo intervencións de apoio educativo, competencias lectoras, acompañamento individual e mediación en centros escolares.

20 nenas e nenos en apoio escolar


Nenas e nenos que reciben apoio educativo no propio centro escolar para evitar posibles abandonos ou reforzar competencias.

128 mozas e mozos en titorías individualizadas

Procesos de apoio educativo, acompañamento individual e fortalecemento do vínculo co espazo escolar.

10 mozos en intervencións de reparación do dano

Abordar os conflitos desde unha perspectiva educativa permite reducir rupturas e evitar procesos de desvinculación escolar.



Crecer en espazos de coidado

A infancia constrúese a través dos vínculos, das relacións e dos espazos nos que nenas e nenos aprenden a convivir e sentirse seguros. O que ocorre no ámbito familiar, os coidados, os conflitos ou a maneira de afrontar as dificultades, ten un impacto directo no seu desenvolvemento emocional e social. Por iso, acompañar a infancia e a adolescencia implica tamén acompañar ás familias.

Moitas nais, pais e persoas coidadoras afrontan situacións de estrés, precariedade ou sobrecarga emocional, e non sempre contan con referentes ou ferramentas para determinados momentos da crianza e da adolescencia.

IGAXES desenvolve espazos de orientación e acompañamento familiar para fortalecer vínculos, mellorar a convivencia e ofrecer recursos educativos e emocionais que contribúan a crear contornas máis seguras e saudables.

134 familias atendidas

Espazos orientados a fortalecer vínculos, mellorar a convivencia e construír ferramentas educativas e emocionais no ámbito familiar.

41 familias en terapia familiar

Acompañamento terapéutico familiar.


Álvaro
“Son un apaixonado do deporte”
Estiven no sistema de protección de menores
Agora vivo coa miña familia e IGAXES axúdame a organizar o meu futuro
Estou rematando a ESO, dáseme ben estudar
Son adestrador de baloncesto e fago remo


Construir
unha vida
propia sen
apoio familiar



Acompañar a transición á vida adulta

A mocidade que pasa polo sistema de protección enfróntase á vida adulta nun contexto complexo: alugueiros inasumibles, emprego precario, dificultades de acceso á formación e incerteza sobre o futuro. Ademais de non contar cunha rede familiar estable á que recorrer.

Mentres moitas mozas e mozos poden atrasar decisións ou volver ao fogar familiar en momentos difíciles, a mocidade extutelada ten que asumir moi cedo a responsabilidade de sosterse por si mesma. A vivenda, os gastos, o emprego ou os estudos convértense en retos constantes cunha marxe de erro moi limitada.

A experiencia amosa que a autonomía require tempo, estabilidade e acompañamento. Por iso, MENTOR busca crear condicións reais para que a emancipación non dependa só da capacidade individual de resistir á precariedade.

O acceso a vivenda, o apoio educativo, a orientación laboral e o acompañamento emocional forman parte dun mesmo proceso: construír unha vida propia.

653 persoas mozas acompañadas en 2025

Mozas e mozos foron acompoiados na creación do seu plan de futuro, búsqueda de emprego, itinerario educativo...

79 pasaron por unha vivenda MENTOR

Vivendas que ensinan a vivir unha vida autónoma onde as mozas cociñan, organizan a casa, limpan, aprenden a xestionar gastos...

250 contratos de emprego

Tras crear o seu itinerario laboral e formativo as mozas e mozos son acompañados na búsqueda de emprego

Un 80% melloraron a formación

Cunha taxa de fracaso escolar moito máis alta que a media é un obxectivo traballar na mellora académica das e dos mozos MENTOR

Máis alá de atopar un emprego

Hai mozas e mozos que chegan á primeira entrevista laboral sen referentes previos: sen saber como facer un currículo, afrontar unha entrevista ou imaxinarse nun entorno profesional. O acceso ao emprego convértese así nun salto cheo de incerteza.

Cando unha persoa medra escoitando máis as súas limitacións que as súas capacidades, construír un proxecto laboral faise máis difícil. Por iso, acompañar a inserción laboral vai máis alá de ofrecer ofertas de emprego: implica identificar habilidades, reforzar a seguridade e xerar oportunidades reais para demostrar o que saben facer.

En 2025 desenvolvéronse itinerarios de orientación e inserción laboral con mocidade do sistema de protección e persoas en situación ou risco de exclusión social, en colaboración co tecido empresarial, clave para abrir portas a primeiras experiencias laborais.




184 empresas colaboradoras

A colaboración co tecido empresarial continúa sendo fundamental para facilitar primeiras oportunidades laborais.

175 persoas insertadas

Un 40% dos contratos foron indefinidos

Emprego por sectores





Construír futuro no teu lugar de orixe

As áreas non urbanas enfróntanse a un paradoxo, a perda de poboación nova mentres moitas persoas que queren quedar atopan dificultades para construír unha vida autónoma. O acceso ao emprego, formación, transporte, vivenda ou lecer condiciona a permanencia no territorio.

Marchar non sempre é unha elección libre, senón a consecuencia da falta de oportunidades e servizos. Desde MENTOR RURAL acompáñanse procesos de emancipación adaptados a cada territorio, apoiando itinerarios laborais, acceso á formación, redes de apoio e espazos comunitarios que reduzan o illamento.

Os territorios son tamén espazos de identidade e pertenza, e garantir que a mocidade poida quedar se o desexa contribúe a construír comunidades máis vivas e sostibles.

92 mozas e mozos atendidos en zonas non urbanas

A Traballamos a transición á vida adulta na zona sur de Lugo e norte de Ourense

11 actividades comunitarias

Fortalecer as redes de apoio e ofrecer alternativas de lecer

5 mozas e mozos conseguiron emprender unha vida intependente

113 alianzas con empresas locais

Ampliar estudos, ampliar horizontes

A educación segue sendo unha ferramenta clave para reducir desigualdades, pero non todas as persoas parten das mesmas condicións para estudar ou continuar formándose.

Entre a mocidade en situación de vulnerabilidade, o abandono escolar segue sendo superior á media. Noutros casos, as dificultades multiplícanse: a mocidade migrante que chega soa debe adaptarse ao idioma, ao sistema educativo e ao contexto social e administrativo ao mesmo tempo, o que fai especialmente complexo continuar estudando.

En 2025 apoiáronse procesos formativos adaptados a cada persoa, entendendo a educación como algo máis que a adquisición de coñecementos, a ampliación de oportunidades e horizontes de vida.


125 mozas e mozos asistiron a clases de español

A colaboración co tecido empresarial continúa sendo fundamental para facilitar primeiras oportunidades laborais.

100 Sesións formativas de capacitación

Accións formativas orientadas a mellorar competencias clave para o emprego, promovendo a aprendizaxe compartida e o acompañamento nos procesos de inserción sociolaboral ao longo do ano.




Nukha
“Gustaríame ser electricista”
Vivo nunha vivenda Mentor
Ensináronme a cociñar e facerme cargo do fogar
Estou aprendendo a buscar emprego
Preciso coñecer como se fan as xestións legais


Detectar necesidades para adaptar as respostas

Ter un fogar

A vivenda converteuse nun dos principais factores de desigualdade para a mocidade, e o problema non é só acceder a ela, senón poder mantela no tempo sen caer de novo na inestabilidade.

A precariedade residencial vai moito máis alá do lugar onde se vive, afecta aos estudos, ao emprego, á saúde mental, aos vínculos e á capacidade de planificar o futuro. Sen un espazo seguro ao que volver, todo o demais se volve máis fráxil.

Acceder a unha vivenda implica tamén un proceso de aprendizaxe: convivir, organizar gastos, asumir responsabilidades, crear rutinas e facer dun espazo un lugar propio.

Nun contexto no que a vivenda é cada vez menos accesible, garantir alternativas residenciais dignas segue a ser clave para previr a exclusión social e un dos obxectivos de IGAXES de cara ao futuro.

“En IGAXES formamos parte das reunións co Instituto de vivenda e solo para tratar de buscar solución ao problema da vivenda”



“Cada vez máis mozas e mozos poden acceder a un emprego, pero non a unha vivenda estable”

Redes de apoio para soster vidas

Todas as persoas necesitamos vínculos, referentes e espazos de pertenza.

Boa parte da mocidade que pasa polo sistema de protección ou se atopa en situación de exclusión chega á vida adulta con redes moi fráxiles ou inexistentes, o que aumenta a sensación de soidade.

Crear espazos de encontro e participación permite construír relacións significativas. O lecer, o deporte ou a participación comunitaria fortalecen habilidades sociais, reforzan a confianza e xeran vínculos que acaban converténdose en apoio real no día a día.



313 actividades de lecer realizadas


Actividades grupais que amplian o círculo social das mozas e mozos e ofrecen novas experiencias.

50 voluntarias ou voluntarios

Persoas que adican parte do seu tempo a estar con nenas, nenos ou persoas mozas que o precisan.

Para intentar romper barreiras culturais levamos ás mozas e mozos da vivenda MENTOR de Santiago a coñecer de cerca o traballo da Real Filarmonía de Galicia.





Durante o 2025 publicamos o libro “Adolescencias Vulnerables”. obra colectiva que toma forma tras o I Congreso Internacional de Transición á Vida adulta da Mocidade do Sistema de Protección, organizado por IGAXES e pola Universidade de Vigo.



Innovar para responder a novas realidades

As necesidades sociais non son fixas e aparecen de formas distintas segundo os contextos e os momentos vitais. Iso obriga a que a intervención social non sexa estática, senón flexible e en revisión continua.

Innovar é, sobre todo, probar formas novas de acompañar, mellorar o que xa existe e axustar as respostas cando non funcionan como se esperaba.

En IGAXES desenvolvemos novas liñas de traballo e colaboración para mellorar o acompañamento con infancia, adolescencia, mocidade e familias, en coordinación con centros educativos, administracións, empresas e entidades sociais, revisando de maneira constante os proxectos para adaptalos á realidade das persoas.

No 2025 participamos en 12 proxectos europeos


9 Universidades e entidades de toda Europa convidáronnos a ir de socios dos seus proxectos

IGAXES lidera o proxecto europeo “My Rural Mentor”

Proxecto de mentoría comunitaria para mellorar o apoio social das persoas mozas en territorios rurais.

Iniciamos un piloto para introducir a mozas e mozos na música clasica

Coa colaboración do Auditorio de Galicia e a Real Filarmonía



Nico

"Agora teño claro o que quero e o vou conseguir"

Non estaba ben en clase, non sabía que me pasaba

Empecei a ir a terapia con IGAXES

Estiven con eles en actividades de participación xuvenil

Participei nun ARTESA cunha empresa, sei que quero traballar ahí.


Mirar cara
adentro,
mirar cara
afora

Entre a intervención social e as políticas públicas

Moitas das necesidades sociais aparecen primeiro na vida cotiá das persoas, antes de chegar ás estatísticas ou ás políticas públicas. Por iso, a intervención social é un espazo clave para detectar cambios e desenvolver respostas novas.

Desde aí, as entidades sociais poñemos en marcha proxectos piloto, probamos solucións e avaliamos resultados en función das necesidades reais.

A partir desa evidencia, propoñemos a súa incorporación ás políticas públicas.

As entidades achegamos proximidade e capacidade de adaptación; as administracións, estabilidade e capacidade de escala. En IGAXES entendemos este proceso dun xeito claro: detectar, probar, avaliar e propoñer.



Participamos en 10 redes ou plataformas

Compartir coñecemento e traballar sobre as necesidades propias ou transversais para buscar respostas que se adapten mellor ás persoas.

9 universidades ou institucións coas que colaboramos

Conectar intervención social, investigación e políticas públicas resulta fundamental para construír respostas máis útiles e adaptadas ás novas realidades sociais.

11 reunións con instituciones o cargos políticos

A coordinación entre administracións e entidades sociais resulta fundamental para adaptar as políticas públicas ás novas realidades sociais.

Colaboración co tecido empresarial

A relación co tecido empresarial vai moito máis alá da inserción laboral. As empresas non son só espazos de contratación, senón tamén axentes con capacidade para xerar impacto no seu entorno e contribuír ao benestar das comunidades nas que están presentes. Cada vez máis, este papel social aliñase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) e cos criterios ESG, entendendo que a súa contribución vai máis alá da actividade económica.

Neste contexto, moitas das liñas de traballo de IGAXES xa materializan ese impacto social asociado aos ODS: intervencións con infancia, adolescencia e familias que promoven a educación, a igualdade de oportunidades, a inclusión e o benestar emocional. A colaboración co tecido empresarial permite reforzar este impacto a través de proxectos concretos, medibles e orientados á mellora das oportunidades vitais. A través destas alianzas é posible financiar intervencións en centros educativos, apoiar programas de prevención, facilitar recursos ou impulsar iniciativas que melloran a convivencia e as oportunidades de aprendizaxe.

Ao longo de 2025, IGAXES mantivo colaboracións con empresas en procesos de inserción laboral, en mentorías e formacións para amosar diferentes oficios e mesmo na instalación dun aula de informática para mozas e mozos na nosa sede de Santiago.

Porque o impacto social non sempre se mide en grandes cifras, senón na capacidade de transformar realidades concretas no territorio onde se actúa.

A sede de Santiago conta cunha aula de informática ao dispor das mozas e mozos grazas á Fundación Vinci

Durante o 2025 60 mozas e mozos beneficiáronse de mentorías laborais en empresas

Empresas, grandes e pequenas que abriron as súas portas para amosar o seu traballo e o seu oficio, ofrecendo unha oportunidade real de aprendizaxe e crecemento

En 2025 pasamos a formar parte formar parte da Rede de Oficinas de Atención ás Vítimas de Delitos de Odio

Os discursos de odio medran especialmente nos contextos onde existe máis desinformación, medo ou distancia coa realidade das persoas ás que afectan. A infancia e a mocidade en situación de vulnerabilidade convértense con frecuencia en obxecto de estigmas, simplificacións e relatos que deshumanizan.

En 2025 IGAXES pasou a formar parte da Rede de Oficinas de Atención ás Vítimas de Delitos de Odio, reforzando o compromiso coa defensa dos dereitos humanos, a convivencia e a protección das persoas que sofren discriminación. Desde este servizo acompañamos ás vítimas de delitos de odio ao longo de todo o proceso, ofrecendo apoio, orientación e atención individualizada-

Pero combater os discursos de odio implica tamén traballar dende a prevención e na sensibilización social. Supón chegar a espazos onde habitualmente a intervención social non consegue entrar. Por iso trabllamos as alianzas co mundo do deporte e da cultura, entedéndoos como ferramentas clave para promover valores de convivencia, respecto e inclusión, e para contribuír, desde a comunicación e a participación social á loita contra esta lacra.





“Soños”, a obra de teatro que trata a vida dunha vivenda MENTOR pechou a xira cunha emotiva última representación no Auditorio de Galicia

Durante todo o percorrido de “Soños ”chegamos a máis de 1.200 estudantes, aumentando o coñecemento sobre tutela nun 20% e reducindo os estereotipos simplistas dun 60% a 200%

A marca de roupa Nowhere sacou unha camiseta en colaboración con Brais Méndez e igaxes para recadar fondos para terapia psicolóxica



De cada camiseta, 25€ están destinados a terapia psicolóxica de mozas e mozos en situación de risco de exclusión. Moitas figuras da cultura e do deporte participaron na difusión.

Rematan proxectos emblemáticos e construimos novas alianzas



O 2025 foi un ano de transición e impulso para IGAXES. Pechamos etapas importantes dentro da organización, despedindo proxectos que deixaron unha pegada fonda no noso percorrido e que contribuíron a abrir camiños de sensibilización e transformación social.

Ao mesmo tempo, comezamos a tecer novas alianzas e colaboracións co mundo do deporte, da cultura e doutros ámbitos estratéxicos, coa vontade de seguir chegando a máis persoas e explorar novas formas de conexión coa sociedade. Unha aposta por continuar medrando, innovando e xerando espazos compartidos desde os que promover inclusión, convivencia e compromiso social.



A formación continua dos equipos para mellorar a nosa intervención levounos a organizar unha xornada de reflexión sobre saúde mental da mocidade en risco cos mellores expertos

Formarnos para seguir mellorando



A formación continua do persoal é un dos piares fundamentais para garantir a calidade das nosas intervencións.

En 2025 desenvolvéronse accións formativas en ámbitos como mentalización, teoría de sistemas, enfoque ecolóxico, alianza terapéutica en contextos residenciais, trauma, resiliencia ou prevención da explotación sexual na infancia e adolescencia, entre outros.

Trátase dun investimento que supón un esforzo importante de tempo e recursos para a organización, pero que resulta imprescindible para actualizar coñecementos, mellorar ferramentas e manter unha mirada compartida no traballo.

A formación continua permite soster o nivel de calidade do acompañamento e garantir a coherencia das intervencións no día a día.

5363,5 horas de formación a equipos durante 2025

Integrar a formación continua na práctica diaria dos equipos, mellor a calidade e coherencia das intervencións."

78 profesionais participaron en accións formativas



Marta

"O que máis me importa no mundo é o meu fillo Hugo"

Teño un fillo moi activo, ás veces non sabía como guialo


Os problemas cos colexios acumulábanse

In IGAXES asistimos a Competencias familiares e a comunicación entre nós mellorou moito

Agora podo axudalo coas tarefas e na casa comezamos a colaborar


Soster os
procesos
require
sostibilidade


Un 98% dos nosos recursos invístense directamente en intervención



A estabilidade das organizacións tamén condiciona a calidade do acompañamento

A intervención social require de estabilidade e continuidade. En IGAXES traballamos desde un modelo de financiamento mixto que combina a colaboración coas administracións públicas co apoio de empresas, fundacións, entidades colaboradoras e persoas socias. Este equilibrio permítenos non só desenvolver programas de atención directa, senón tamén impulsar proxectos innovadores, crear alianzas co ámbito cultural e deportivo, reforzar a prevención ou abrir novas liñas de intervención adaptadas ás necesidades emerxentes da infancia e da mocidade. Cada alianza, cada colaboración e cada recurso económico recibido tradúcese en algo concreto: máis tempo de acompañamento, máis oportunidades e máis estabilidade para as persoas coas que traballamos.

Onde investimos os nosos recursos?




igaxes
25 años impulsando cambios